

Hélène Cixous

Hélène Cixous nace en 1937 en Orán, Alxeria, colonia francesa naqueles anos. De ascendencia hebrea por parte de nai, e sefardí por parte de pai, a súa infancia desenvólvese nun entorno de diversidade lingüística que resulta parte relevante da súa educación; ao alemán –lingua materna— e ao español –lingua familiar por parte do pai-- xúntanse o francés e o árabe.

Instálase en Francia en 1955, onde realiza estudos de Filoloxía inglesa; acada o doutoramento en Letras, e en 1962 comeza unha actividade docente na Universidade de Burdeos, que proseguirá despois na Sorbona.

No ano 1968 será unha das fundadoras da Universidade Experimental de Vincennes. O seu labor intelectual conta con recoñecementos honoríficos de numerosas universidades do Reino Unido, dos Estados Unidos, de Irlanda, Canadá, etcétera.

A escrita dramática ocupa un espazo de gran relevancia no conxunto da súa impresionante obra creativa. Nesta disciplina a colaboración desde 1984 con Ariane Mnouchkine, directora do Théâtre du Soleil, impulsa unha dramaturxia crítica, comprometida e de elevada ambición artística, materializada e enriquecida coa posta en escena da maioría das súas obras como parte do repertorio do Théâtre du Soleil.

Entre os seus títulos, todos representados e/ou publicados, figuran: *La Pupille*, (1971); *Portrait de Dora*, (1975); *La Prise de l'école de Madhubai*, (1984); *L'Histoire terrible mais inachevée de Norodom Sihanouk roi du Cambodge*, (1985); *L'Indiade, ou l'Inde de leurs rêves, et quelques écrits sur le théâtre*, (1987); *La Ville parjure ou le réveil des Erinyes*, (1984); *Et soudain, des nuits d'éveil*, (1997); *Tambours sur la digue*, (1999); *Rouen, la Trentième Nuit de Mai '31*, (2001); *Les Naufragés du fol espoir* (2010).

Ficha técnica

Autora: Hélène Cixous

Tradución: Purificación Cabido

Espazo Escénico: Antonio F. Simón

Vestuario: Susa Porto

Realización Vestuario do Home: Carmen Pichel

Espazo Sonoro e Composición Musical: Vadim Yukhnevich

Deseño de Iluminación: X. Lago

Guía Didáctica: Purificación Cabido

Fotografía: Tino Viz / Margen

Realización Vídeo: e-Me Comunicación

Auxiliar de Producción: Aleixandre Lago

Técnicos de Escena: RTA

O noso agradecimento a:

Carlos Vizcaino (UDC), Purificación Cabido, Jose Nion, Pilocho e Antonio Simón, polas súas colaboracións en diversos apartados desta produción.



www.teatrodoatlantico.com
info@teatrodoatlantico.com
tfn. 618256424 / 608380471



A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI

de Hélène Cixous



XXXV TEMPORADA
TEATRO DO ATLÁNTICO

Teatro do Atlántico 1985/2020 XXXV temporadas

O “papel” do Teatro, tamén.

Partimos dun texto escrito no ano 1983 que sitúa a acción nunha pequena aldea da India. A autora inspírase nuns feitos acontecidos naquel país nos anos oitenta do pasado século, nomeadamente os que fan referencia á historia de Phoolan Devi, coñecida como “a raíña dos bandidos”, quen foi unha destacada referencia para o feminismo autóctono indio.

Con ese punto de partida, e facendo uso da capacidade extraordinaria que ten o teatro para servir de espello á sociedade que o contempla, pretendemos, ao tempo de traballarmos na procura dun discurso artístico atractivo e rigoroso, poñer en debate feitos dramáticos que marcaron a biografía da personaxe protagonista da peza que presentamos, e que están a acontecer hoxe en moitos puntos da nosa contorna, e tamén, quizais, reflexionar ao redor de conceptos como *a liberdade, o dereito á educación, a complexa dialéctica entre Lei e Xustiza ou a vinganza, esa viaxe sen final.*

1985: “**Xoana**”, de Manuel Lourenzo.

1986: “**A marabillosa historia de Marly, a vampira de Vila de Cruces**”, de Carlos Queiroz.

1987: “**Quartett**”, de Heiner Müller.

1988: “**Eu, Gulliver Ferreiro**”, viaxe pola poesía de Celso Emilio Ferreiro.

1989: “**Liberdade Bremana**”, de R.W.Fassbinder.

1990: “**Historia de Neera**”, de Roberto Salgueiro. Premio Compostela á Mellor Dirección (Xúlio Lago), e á Mellor Escenografía (Antonio Francisco Simón).

1991: “**Ocasos**”, espectáculo composto por “**Clitemnestra ou o crime**”, de M. Yourcenar, e “**Agamenón en Áulide**”, de Manuel Lourenzo. Premio Compostela á Mellor Interpretación Feminina en Papel Protagonista (María Barcala).

1993: “**Non se chora**”, de Roberto Cossa.

1995: “**Tolos de amor**”, de Sam Shepard. Premios ADE (Asociación de Directores de Escena de España): Nomeamento á Mellor Dirección (Xúlio Lago).

1995: “**Casa de Bonecas**”, de Henrik Ibsen.

1996: “**A noite das tribades**”, de Per Olov Enquist. Premios María Casares: Mellor Espectáculo, Mellor Dirección (X. Lago), Mellor Actor Protagonista (Gonzalo M. Uriarte), Mellor Actriz Protagonista (Casilda García). Nomeamentos: Mellor Actriz Secundaria (Sónia Rúa), Mellor Actor Secundario (César Cambeiro), Mellor Escenografía (Antonio F. Simón), Mellor Iluminación (X.Lago).

1998: “**Amor de don Perlimplín con Belisa no xardín**”, de F. García Lorca. Premios Mª Casares: Nomeamento á Mellor Interpretación Feminina en Papel Secundario (Mercedes Castro), Mellor Música (Nani García) e Mellor Maquillaxe (T. do A.)

1998: “**Seis poemas galegos**”, de Federico García Lorca. Recital poético-musical.

1998: “**Vellos tempos**”, de Harold Pinter. Premios Mª Casares: Nomeamento á Mellor Interpretación Feminina en Papel Protagonista (Casilda García).

1999: “**O cerco de Leningrado**”, de José Sanchis Sinisterra. Premio María Casares á Mellor Interpretación Feminina en Papel Protagonista (Susana Dans); Nomeamentos á Mellor Dirección (X. Lago) e Mellor Tradución (X. M. Pazos).

2000: “**Solo para Paquita**”, de Ernesto Caballero.

2001: “**O cantar dos cantares**”, de E. Blanco Amor (Lectura escénica).

2002: “**Pervertimento**”, de José Sanchis Sinisterra.

2002. “**Ecós e voces dun tempo e dun país**”. Recital poético-musical. Varios poetas galegos do século XX.

2002. “**Vanzetti**”, de Luís Araujo. Premios María Casares: Nomeamento á Mellor Música Orixinal (Rodrigo Romani).

2004: “**O encoro**”, de Conor McPherson. Premio da Crítica 13 Feira do Teatro ao Mellor Espectáculo. Premio María Casares á Mellor Dirección (X. Lago) e Mellor Actor Secundario (Toño Casais). Nomeamentos: Mellor Espectáculo, Mellor Actor Protagonista (Artur Trillo e Gonzalo M. Uriarte), Mellor Escenografía (Antonio F. Simón), Mellor Música (Rodrigo Romani) e Mellor Iluminación (X.Lago).

2005. “**Memoria do 36: da República á Guerra Civil**”. Recital poético-musical.

2006. “**A raíña da beleza de Leenane**” de Martín McDonagh. Premios María Casares ao Mellor Espectáculo, Mellor Dirección (X. Lago), e Mellor Tradución (Avelino González/Olga F. Nogueira). Nomeamento á Mellor Actriz Protagonista (María Barcala)

2007: “**A bombilla máxica**”, de Woody Allen. Premio María Casares á Mellor Tradución (Avelino González/Olga F. Nogueira). Nomeamento á Mellor Interpretación Masculina en Papel Secundario (Manu Fernández).

2008: “**Unha primavera para Aldara**”, de Teresa Moure. Premios Mª Casares: Mellor Espectáculo, Mellor Dirección (X.Lago), Mellor Texto Orixinal, Mellor Actriz Protagonista (María Bouzas), Mellor Escenografía (C. Alonso), Mellor Iluminación (X. Lago), Mellor Vestiario (C. Alonso). Nomeamentos: Mellor Actriz Secundaria (Belén Constenla e Lucía Regueiro).

2009: “**O xogo de Yalta**” e “**Afterplay**”, de Brian Friel. Premio Maruxa Villanueva a Gonzalo M. Uriarte pola súa creación de Andrei. Premios María Casares: Nomeamentos á Mellor Escenografía (Rodrigo Roel), Mellor Música Orixinal (Xavier Constenla) e Mellor Vestiario (Susa Porto).

2010: “**Memoria de Helena e María**”, de Roberto Salgueiro. Premios María Casares, Nomeamentos: Mellor Espectáculo, Mellor Dirección (X. Lago), Mellor Texto Orixinal, Mellor Interpretación Feminina en Papel Protagonista (María Barcala e Lucía Regueiro), Mellor Música Orixinal (Fran Pérez “Narf”), e Mellor Iluminación (X.Lago).

2011: “**E.R.**” de J.M.Benet i Jornet. Premios Mª Casares: Nomeamentos á Mellor Dirección (X. Lago) Mellor Interpretación Feminina Protagonista (Luisa Merelas e Susana Dans) e Mellor Tradución/Adaptación (Xosé M. Pazos).

2013. “**A charca inútil**”, de David Desola. Premio María Casares á Mellor Tradución (Xosé M. Pazos). Nomeamentos: Mellor Música Orixinal (Anxo Graña) e Mellor Iluminación (X.Lago)

2015. “**O principio de Arquímedes**”, de Josep M.Miró i Coromina. . Premio Maruxa Villanueva a María Barcala pola súa creación de Ana. Premios Mª Casares: Mellor Espectáculo, Mellor Dirección (Xúlio Lago), Mellor Actor Protagonista: (Toni Salgado), Mellor Actor Secundario (Alberto Rolán,) e Mellor Tradución (Afonso Becerra); nomeamentos: Mellor Iluminación, Mellor escenografía e Mellor Música

2016. “**HELENA: Xuízo a unha lurpia**”, de Miguel del Arco.

2018. “**De abrentes e ocasos**”,recital de poesía galega contemporánea.

2018. “**Dúas donas que bailan**”, de J.M.Benet i Jornet

2020: “**A conquista da escola de Madhubai**”, de Hélène Cixous